



Memoria funcional de proposta de modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación no **corpo de axudantes de carácter facultativo da administración especial (subgrupo C1) e no corpo de auxiliares de carácter técnico de administración especial (subgrupo C2), da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.**

ANTECEDENTES

A disposición transitoria primeira da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e a disposición transitoria segunda do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, establecen as previsións necesarias para facer posible a funcionarización do persoal laboral fixo que realiza funcións ou desempeña postos de traballo de persoal funcionario.

A disposición transitoria primeira da *Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia* regula que o persoal laboral fixo das administracións públicas incluídas no ámbito da súa aplicación que, no momento da entrada en vigor da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, estea a realizar funcións ou desempeñe postos de traballo de persoal funcionario, ou pase a realizar as devanditas funcións ou a desempeñar os devanditos postos en virtude de probas de selección ou promoción interna convocadas antes da data sinalada, poderá seguir a realízalas ou desempeñalas.

Así mesmo, dita disposición no seu apartado segundo recolle que o Consello da Xunta de Galicia establecerá, a través das relacións de postos de traballo (RPT), a valoración, clasificación e determinación dos postos de traballo afectados por esta norma, na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e nas entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.



DESENVOLVEMENTO DO/S PROCESO/S

Primeiro. Procedemento para adquisición da condición de persoal funcionario de carreira

O Decreto 165/2019, do 26 de decembro, establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia. O seu anexo foi modificado polas Ordes do 10 de marzo de 2021 e do 27 de novembro de 2023 da Consellería de Facenda e Administración Pública (Diarios Oficial de Galicia números 61 do 31 de marzo de 2021 e 231 do 5 de decembro de 2023).

Segundo. Oferta de Emprego público para os anos 2020 e 2023

Para dar cumprimento ao establecido na *Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia* e na disposición transitoria segunda do *Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do emprego público*, **esta administración** incorporou as prazas obxecto de funcionarización nos Decretos 225/2020, de 23 de decembro e Decreto 143/2023, do 9 de novembro polos que se aproban as ofertas de emprego público correspondentes a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2020, 2021 e 2023 (Diarios Oficial de Galicia núm. 260, do 29 de decembro de 2020; núm. 73, do 20 de abril de 2021; núm. 214, do 10 de novembro de 2023).

ADMÓN	GRUPO SUBGR.	CORPO-ESCALA-ESPECIALIDADE	DECRETO 225/2020 PRAZAS	DECRETO 143/2023 PRAZAS
Xeral	C1	Corpo administrativo (subgrupo C1)	43	
		<ul style="list-style-type: none">Escala de axentes de inspección	67	
	C2	Corpo auxiliar (subgrupo C2)	70	
Especial	B	Corpo de técnicos de carácter facultativo (grupo B)		
		<ul style="list-style-type: none">Escala técnica de delineantes	2	1
		<ul style="list-style-type: none">Escala de axentes técnicos facultativos<ul style="list-style-type: none">Especialidade de animación sociocultural	8	
	C1	Corpo de axudantes de carácter facultativo (subgrupo C1)		
		<ul style="list-style-type: none">Escala técnica de mantemento de servizos	47	
		<ul style="list-style-type: none">Escala técnica de recursos naturais e forestais	41	
		<ul style="list-style-type: none">Escala técnica de cociña	74	
		<ul style="list-style-type: none">Escala técnica de análises de laboratorio	37	
<ul style="list-style-type: none">Escala técnica de condución	132			
<ul style="list-style-type: none">Escala técnica de gobernantes/as<ul style="list-style-type: none">Especialidade gobernante/a		7		



ADMÓN	GRUPO SUBGR.	CORPO-ESCALA-ESPECIALIDADE	DECRETO 225/2020 PRAZAS	DECRETO 143/2023 PRAZAS
Especial	C2	Corpo de auxiliares de carácter técnico (subgrupo C2)		
		• Escala auxiliar de mantemento	21	
		• Escala auxiliar de recursos naturais e forestais	35	
		• Escala auxiliar de laboratorio	39	
		• Escala auxiliar de condución	63	
		• Escala auxiliar de cociña	162	
		• Escala gardas de recursos naturais	85	
		• Escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos	58	
• Escala auxiliar de coidadores		32		

Terceiro. Funcionización do Grupo III

• Terceiro.1 Convocatoria dos procesos

Os procesos selectivos foron convocados polas seguintes resolucións:

1. Resolución do 26 de abril de 2021 pola que se convoca o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo administrativo de Administración xeral, subgrupo C1, e do corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial, grupo B, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes ao grupo III, do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico (DOG núm. 81, do 30 de abril).
2. Resolución do 6 de novembro de 2023 pola que se convoca o proceso selectivo para o ingreso, pola modalidade específica de promoción do persoal laboral fixo, no corpo administrativo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C1 (DOG núm. 216, do 14 de novembro).
3. Resolución do 15 de decembro de 2023 pola que se convoca o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo administrativo da Administración xeral, subgrupo C1, e do corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial, grupo B, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes ao grupo III, do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico (DOG núm. 243, do 26 de decembro), modificada pola Resolución do 12 de febreiro de 2024 (DOG núm. 35, do 19 de febreiro).



- **Terceiro.2 Categorías do grupo III de persoal laboral da Xunta de Galicia obxecto de funcionarización**

Categoría	Grupo-Categoría	Corpo	Escala especialidade	Grupo Subgrupo
Oficial/a 1ª condutor. Condutores/as	III-63	Axudantes de carácter facultativo de administración especial	Escala técnica de conducción	C1

Cuarto. Funcionarización do Grupo IV

- **Cuarto.1 Convocatoria dos procesos**

Os procesos selectivos foron convocados polas seguintes resolucións:

1. Resolución do 12 de maio de 2021 pola que se convoca o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo auxiliar da Administración xeral e do corpo de auxiliares de carácter técnico da Administración especial, subgrupo C2, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes aos grupos IV e V do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico (DOG núm. 94, do 21 de maio).
2. Resolución do 15 de decembro de 2023 pola que se convoca o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo auxiliar da Administración xeral e do corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial, subgrupo C2, por parte do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes aos grupo IV e V do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo Xurídico (DOG núm. 243, do 26 de decembro), modificada pola Resolución do 12 de febreiro de 2024 (DOG núm. 35, do 19 de febreiro).

- **Cuarto.2 Categorías do grupo IV de persoal laboral da Xunta de Galicia obxecto de funcionarización**

Categoría	Grupo-Categoría	Corpo	Escala especialidade	Subgrupo
Condutor/a	IV-16	Auxiliar de carácter técnico de Administración especial	Escala auxiliar de conducción	C2
Oficial/a 2ª forestal	IV-40 (*)	Auxiliar de carácter técnico de Administración especial	Escala auxiliar de recursos naturais e forestais	C2



- (*) Categoría con postos sin persoas ocupantes con posibilidade de vínculo xurídico

Quinto. Aspirantes que superaron os procesos selectivos

• Quinto.1 Subgrupo C1

Por Resolución do 7 de febreiro de 2022, da comisión encargada de cualificar o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo administrativo da Administración xeral, subgrupo C1, e do corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia, grupo B, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes ao grupo III, do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico, pola que se dá publicidade de diversos acordos, (DOG núm. 34, do 18 de febreiro).

Esta resolución fixo pública a relación de persoas que superaron os procesos de funcionarización do **grupo III categoría 63**, entre outras.

• Quinto.2. Subgrupo C2

1. Por Resolución do 7 de febreiro de 2022, da comisión encargada de cualificar o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo auxiliar da Administración xeral e do corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C2, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes aos grupos IV e V, do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico, pola que se dá publicidade de diversos acordos (DOG núm. 34 de 18 de febreiro).

Esta resolución fixo pública a relación de persoas que superaron os procesos de funcionarización do **grupo IV categoría 16**, entre outras.

Sexto. As relacións de postos de traballo

O Decreto 165/2019, do 26 de decembro, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do V Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia, recolle que os postos clasificados como de persoal funcionario de carreira ou como de persoal laboral susceptible de selo como de persoal funcionario de carreira, debe estar aprobada con anterioridade á toma de posesión como persoal funcionario de carreira.



En desenvolvemento do procedemento establecido no decreto, esta Dirección Xeral da Función Pública elaborou a presente modificación de relación de postos de traballo da Administración Xeral e tamén da Administración Especial da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia determinando previamente aqueles postos de persoal laboral da Xunta de Galicia afectados polo proceso de funcionarización.

Para a determinación dos postos susceptibles de seren clasificados como de persoal funcionario, tívose en conta o artigo 6 do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, que establece o seguinte:

“Clasifícaranse como de persoal funcionario os postos de traballo definidos actualmente nas respectivas RPT como de adscrición de persoal laboral dalgunha das categorías recollidas no anexo desta norma.

A clasificación como de persoal funcionario realizarase no corpo, escala ou especialidade previsto como equivalente no mencionado anexo”.

Tívose en conta tamén o disposto na Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública do 27 de novembro de 2023 que modificou o Decreto 165/2019, do 26 de decembro, que establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia (Dog nº 231 do 5 de decembro); que establece a equivalencia entre as correspondentes categorías profesionais do persoal laboral e as correspondentes escalas do persoal funcionario.

Total de **263** postos a funcionarizar nesta RPT (**97 persoas aprobadas con posibilidade de cambio de vínculo xurídico**)

- Total **subgrupo C1: 180 - (68 persoas aprobadas con posibilidade de cambio de vínculo xurídico)**
- Total **subgrupo C2: 78 - (29 persoas aprobadas con posibilidade de cambio de vínculo xurídico)**
- Total **subgrupo C2: 5** (sen persoas con posibilidade de cambio de vínculo xurídico)



- **Sexto.1 Postos a funcionarizar, clasificar no subgrupo C1 que comprende a presente RPT**

A presente modificación de relación de postos de traballo comprende un total de **180 postos** de persoal laboral fixo a funcionarizar no **subgrupo C1**

Postos a funcionarizar e clasificar

POSTO	GRUPO-CATEGORÍA	CORPO	ESCALA ESPECIALIDADE	Nº DE POSTOS
Oficial 1º condutor/a	III-63	Axudantes de carácter facultativo da Administración especial	Escala técnica de conducción	145
Oficial 1º condutor/a unidade móbil cancro de mama				1
Condutor/a 1º				2
Condutor/a mecánico/a				31
Condutor/a (1)				1
TOTAL				180

(1) 1 Posto de condutor/a (CP PRC020000515770523) do grupo IV categoría 16 na SX de Coordinación de Servizos Transversais da Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ao que á persoa propietaria lle foi reclasificada a categoría profesional a grupo III categoría 63 por sentenza nº 802/09 do 14 de maio de 2010. Cómpre a funcionarización do posto como Oficial/a 1ª condutor/a, do Corpo de axudantes de carácter facultativo de Administración especial, escala técnica de conducción (subgrupo C1)

A presente modificación de relación de postos de traballo comprende un total de **180 postos** que, ademais dos **68 postos** do persoal laboral fixo que superou os procesos anteriores correspondentes e **con posibilidade de cambio de vínculo xurídico**, inclúe tamén outros **112 postos** de persoal laboral que tamén son obxecto de funcionarización, e que poden corresponderse con:

- Postos de traballo ocupados por persoal laboral fixo que non superou o proceso, e que manteñen a ocupación como persoal laboral fixo.
- Postos de traballo vacantes ou ocupados por persoal laboral temporal e indefinido non fixo que continuarán desempeñando as súas funcións nos postos que viñan ocupando, nas mesmas condicións e situación, ata que se leve a cabo o establecido na disposición transitoria primeira bis da *Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia*, logo do remate dos procesos de funcionarización que se convoquen ao abeiro das ofertas de Emprego dos anos 2018, 2019, 2020 e 2021.
- Postos cuxos ocupantes superaron os procesos de funcionarización pero que se xubilaron antes do nomeamento como persoal funcionario.
- Postos cuxos ocupantes están en excedencia voluntaria por incompatibilidade



- Postos de persoas aprobadas que están en adscrición provisional (superior categoría ou causas de saúde)
- **Sexto.2 Postos a funcionarizar, clasificar no subgrupo C2 que comprende a presente RPT**

A presente modificación de relación de postos de traballo comprende un total de **83 postos** de persoal laboral fixo a funcionarizar

Postos a funcionarizar e clasificar no subgrupo C2

POSTO	GRUPO-CATEGORÍA	CORPO	ESCALA ESPECIALIDADE	Nº DE POSTOS
Conductor/a	IV-16	Auxiliar de carácter técnico da Administración especial	Escala auxiliar de conducción	75
Oficial 2ª conductor/a				3
Oficial/a 2ª forestal	IV-40	Auxiliar de carácter técnico de Administración especial	Escala auxiliar de recursos naturais e forestais	5 (*)
TOTAL				83

A presente modificación de relación de postos de traballo comprende un total de **83 postos** que, ademais dos **29 postos** do persoal laboral fixo que superou os procesos anteriores correspondentes **con posibilidade de cambio de vínculo xurídico**, inclúe tamén outros **54 postos** de persoal laboral que tamén son obxecto de funcionarización, e que poden corresponderse con:

- **(*) Postos sin persoas ocupantes con posibilidade de vínculo xurídico**
 - Postos de traballo ocupados por persoal laboral fixo que non superou o proceso, e que manteñen a ocupación como persoal laboral fixo.
 - Postos de traballo ocupados por persoal laboral fixo, cuxos procesos están pendentes de resolución
 - Postos de traballo vacantes ou ocupados por persoal laboral temporal e indefinido non fixo que continuarán desempeñando as súas funcións nos postos que viñan ocupando, nas mesmas condicións e situación, ata que se leve a cabo o establecido na disposición transitoria primeira bis da *Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia*, logo do remate dos procesos de funcionarización que se convoquen ao abeiro das ofertas de Emprego dos anos 2018, 2019, 2020 e 2021.



- Postos cuxos ocupantes superaron os procesos de funcionarización pero que se xubilaron antes do nomeamento como persoal funcionario.
 - Postos cuxos ocupantes están en excedencia voluntaria por incompatibilidade
 - Postos de persoas aprobadas que están en adscrición provisional (superior categoría ou causas de saúde)
 - Postos de persoas que teñen reclasificada a categoría profesional por sentenza pero que non superaron ou non participaron no proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira
- **Sétimo. Oitava RPT de funcionarización**

A presente modificación da relación de postos de traballo da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, corresponde á oitava RPT de funcionarización:

A primeira foi aprobada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 24 de xuño de 2021, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo do persoal laboral da Xunta de Galicia (DOG núm. 120 do 25 de xuño, corrección de erros do DOG núm. 152 do 10 de agosto).

A segunda foi aprobada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de febreiro de 2022, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia correspondente á administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as clasificacións na escala de facultativos (especialidades de medicina, psicoloxía, pedagogía), escala técnica de facultativos (especialidades de enfermaría, educadores, fisioterapia, traballo social, terapeuta ocupacional), escala de axentes técnicos facultativos (especialidade de educación infantil) e escala de auxiliares de clínica; así como a modificación da relación de postos de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia referente ao proceso de funcionarización, aprobada polo Acordo do 24 de xuño de 2021 (DOG núm. 36, do 22 de febreiro, correccións de erros DOG núm. 53, do 17 de marzo e DOG núm.163, do 29 de agosto de 2023).

A terceira foi aprobada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 20 de abril de 2023, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación na Agrupación profesional do



persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais (especialidade de persoal de limpeza e cociña) (DOG núm. 78 do 24 de abril)

A cuarta foi aprobada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 19 de maio de 2023, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo do persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación na escala técnica do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, especialidade de bombeiro/a forestal xefe/a de brigada, do corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia, do grupo B; na escala auxiliar do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, especialidades de bombeiro/a forestal-condutor/a de motobomba, emisorista-vixilante fixo/a e bombeiro/a forestal, do corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial, subgrupo C2; e no corpo auxiliar de Administración xeral, subgrupo C2 (DOG núm. 101 do 30 de maio)

A quinta foi aprobada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 15 de febreiro de 2024, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación no corpo superior da Administración xeral e no corpo facultativo superior de Administración especial, escala de expertos/as lingüistas, subgrupo A1, no corpo de xestión da Administración xeral e no corpo facultativo de grao medio de Administración especial, escala técnica de restauración, e escala de técnicos facultativos, especialidade educador infantil, subgrupo A2, na agrupación profesional do persoal funcionario, escalas de persoal de limpeza e cociña e recursos naturais e forestais, especialidade de persoal de recursos naturais e forestais, de persoal subalterno e de persoal de mantemento, subgrupo AP, da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 38, do 22 de febreiro).

A sexta foi aprobada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 5 de agosto de 2024, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación no corpo administrativo da Administración xeral (subgrupo C1), corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial (grupo B) e no corpo de axudantes de carácter facultativo de Administración especial (subgrupo C1); no corpo auxiliar da Administración xeral (subgrupo C2) e no corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial (subgrupo C2), da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm.160, do 21 de agosto).

A sétima foi aprobada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 23 de setembro de 2024, polo que se aproba a modificación da relación de



postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación no corpo superior (subgrupo A1) e no corpo auxiliar (subgrupo C2) da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 186, do 26 de setembro).

Oitava. Clasificación dos postos de traballo

Os procesos de adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do *Convenio Colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia*, que está a levar a cabo esta Dirección Xeral da Función Pública, resultan coa finalidade de levar a efecto o cumprimento da normativa correspondente en canto aos postos que deben ser cubertos por persoal funcionario, aos principios de organización, racionalización e ordenación do persoal, así como homoxeneizar o réxime xurídico e as condicións de traballo aplicables a este, coa finalidade de facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos.

Estos procesos lévanse a cabo con pleno respecto aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, sen mengua dos dereitos das persoas traballadoras afectadas.

Resaltar que **non é obxecto dos procesos de funcionarización levar a cabo unha nova valoración e/ou valoración complementaria dos postos de traballo, toda vez que esta valoración xa se efectuou no momento da creación de cada posto** nas correspondentes relacións de postos de traballo. Unha nova valoración resulta improcedente e allea a este procedemento de correspondencia como persoal funcionario, xa que cada un dos postos mantén, en cada un dos seus centros e unidades, as mesmas condicións, funcións e responsabilidades que cando eran postos de persoal laboral.

Tendo en conta o anterior, **procederáse á clasificación completa** dos postos de persoal laboral como de persoal funcionario dentro do seo da negociación correspondente, así como a idoneidade do **mantemento ou non das denominacións** existentes dos mesmos en acorde a esta clasificación.

A directora xeral de Emprego Público e Administración de Persoal. Nuria Aguilar Vázquez